

F. Fernández Rei (2013): “Asaka, a forza que vén de moi lonxe” [limiar], en Takekazu Asaka: *Cantata a Ramón Cabanillas*. Toquio: Ronsosya, 3-7.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

Asaka, a forza que vén de moi lonxe

Takekazu Asaka, profesor de Filoloxía Románica da Universidade Tsudajuku de Toquio, coñeceu a existencia da lingua galega a finais da década de 1970 cando en Madrid cursaba o doutoramento. Con motivo do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas que se celebrou na Universidade de Santiago de Compostela, en setembro de 1989 veu por primeira vez a Galicia; e nunha excursión polas Rías Baixas na semana dese Congreso pasou por Cambados e puido apreciar a beleza da paisaxe do mar da Arousa desde a ribeira do Salnés.

O ano seguinte volveu a Compostela como alumno dos Cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros; e no seminario de Literatura Galega, que no Curso Superior de Filoloxía impartía Xesús Alonso Montero, por primeira vez oíu falar da figura de Ramón Cabanillas, o que o levou a mercar a *Antoloxía Poética* do escritor cambadés que Marino Dónega fixera para a editorial Galaxia. Así comezou a mergullarse na obra do que fora símbolo do agrarismo e das Irmandades da Fala, que no “inverno” franquista mantivo o compromiso co idioma propio de Galicia e que na década de 1950 se embarcou na resistencia cultural do galeguismo simbolizado por Galaxia. Días despois, nese mesmo Curso, Asaka puido coñecer aspectos da fala viva de Fefiñáns e da cultura e da terminoloxía mariñeira cambadesa nunha das sesións do seminario que impartín sobre o galego estándar e as variedades orais.

O descubrimento da figura de Cabanillas fixo que este profesor xaponés acudise á terra natal do poeta para coñecer a súa paisaxe vital: os monumentos, as rúas, as prazas e a beiramar de Fefiñáns, Cambados e San Tomé, as tres viliñas que conforman o actual Cambados e que aboian en tantos versos de Cabanillas; e asemade Asaka foi descubrindo o “arrós á mariñeira” e outros pratos da gastronomía cambadesa en restaurantes familiares, coma o de María José Ribadomar, en Fefiñáns, ou O Tropesón, no esteiro do Umia. Desde aquela case sempre visita Galicia a finais de xullo e comezos de agosto, e na estancia en terras galegas non deixa de peregrinar á ribeira da Arousa, sobre todo a Cambados nos días da festa do viño Albariño, e tamén á terra da Fonsagrada, na alta montaña luguesa.

Asaka preséntase na súa tarxeta de visita como “embaixador da lingua galega no Xapón”, cargo que ten ben merecido este profesor e investigador do noso idioma e da nosa literatura, que cando está en Galicia exerce como auténtico brigadista na defensa da nosa lingua propia, o que o leva a usar sempre con naturalidade o galego en calquera situación e a reclamar que nun restaurante lle dean a carta en galego ou que lle falen neste idioma, o que ten descolocado xente con prexuízos sobre a utilidade da lingua galega que ve con estrañeza (e posiblemente cun aquel de admiración) como un xaponés lle fala galego de xeito normal, aínda que cun sotaque moi particular.

En 1993 editou unha gramática do galego moderno para xaponeses, seguida dunha guía de conversación e dun vocabulario básico trilingüe (galego-castelán-xaponés), que no seu día tiveron a honra de prologar. Anos despois centrouse de xeito especial no estudo da situación da lingua galega en Galicia e nas comarcas estremeiras de Asturias e de Castela e León, á vez que facía versións en xaponés de poemas de diversos escritores, particularmente de Rosalía de Castro, da que publicou no 2009 unha edición bilingüe xaponés-galego dos *Cantares gallegos*, a obra fundacional da moderna literatura galega.

En abril dese mesmo ano, cando en Galicia (e particularmente en Cambados) se honraba a figura de Ramón Cabanillas no 50 aniversario do seu falecemento, Asaka festexou a cultura galega cun acto en Musa de Kawasaki, cerca de Toquio. Impartiu unha conferencia sobre o Rexurdimento galego e o papel de Rosalía de Castro, mentres que a pianista Rika Nishikawa e a soprano Miho Haga interpretaron, entre outros, poemas de Rosalía e o “Camiño longo” de Cabanillas que musicara Antón García Abril; ademais, Asaka disertou sobre os viños galegos, entre eles, o albariño, o rei dos viños brancos que ten no bardo cambadés e en Álvaro Cunqueiro algúns dos seus cantores.

No 2011 publicou, integramente en xaponés, unha guía de Galicia e da súa situación sociocultural en 50 apartados, á vez que agasallou os amantes do “Poeta da raza” co libro *Canta a Ramón Cabanillas. A ti, meu Cambados*, que se abre cun estudo en xaponés da obra e da vida do poeta e dramaturgo nado en Fefiñáns, seguido dunha escolma de dezasete textos de diferentes poemarios de Cabanillas, primeiro en xaponés e logo na versión galega orixinal. Na nova edición desta obra, Asaka amplía aspectos da vida e da obra do cambadés, inclúe un novo texto (“O cruceiro do monte”) e presenta como gran novidade un CD con oito poemas dos antologados no libro: “Camiño longo”, “Foliada”, “Chove”, “O Rei tiña unha filla”, “Tódol-os días”, “Meus irmáns”, “O cantar do que se alexa” e “Aureana do Sil”.

Son textos vencellados á música culta, mercé a compositores como Antón García Abril, Xavier Monsalvatge, Manuel Blancafort, Jesús Guridi ou Ataúlfo Argenta, que puidemos escoitar en Cambados no inesquecible Ano Cabanillas 2009 a finais de xullo do 2009 cando se presentou no xardín do Pazo Torrado a excelente crónica de Luís Rei sobre os destellos e as saudades do autor de *Vento mareiro* e, sobre todo, escoitámoslos no Auditorio da Xuventude en setembro dese ano no concerto “Da palabra á melodía”, con cancións sobre textos de Cabanillas, concerto que dirixiu o profesor e musicólogo Luís Costa.

Os poemas do libro de Asaka interprétanos as xa citadas Rika Nishikawa e Miho Haga, graduadas na Universidade de Arte e Música de Toquio, as mesmas artistas que cantaron Rosalía no CD que acompaña a versión xaponesa de *Cantares gallegos*. Rita Nishikawa estudou no Departamento de Piano de Conservatorio de Toquio, cursou o Doutoramento no Conservatorio de Madrid e participou nas xornadas de “Música en Compostela”, onde coñeceu a Antón García Abril, que musicara textos da cantora do Sar e de Cabanillas. A soprano Miki Haga graduouse no Departamento de Música Vocal do Conservatorio de Toquio e estudou ópera no Conservatorio de Milán.

Para min é unha inmensa satisfacción observar que Takekazu Asaka segue a exercer como pleno embaixador da lingua e da literatura galega no Xapón e que se acabou convertendo nun dos principais representantes dunha forza que vén de lonxe -no seu caso de moi lonxe-, dunha forza que traballa arreo a prol da cultura de Galicia e da súa lingua propia en países moi diversos, algúns a miles de quilómetros ou de millas.

Como galego (e como cambadés) quero darlle os meus sinceros parabéns a Asaka por esta nova obra sobre Cabanillas, o “poeta arelado” polo galeguismo (e polo nacionalismo), persoa moi humilde que entregou o mellor da súa vida á dignificación e á construción da Patria da Lingua que una a todos os galegos e galegas, de nación e tamén de corazón, como é o caso do amigo Take.

Fefiñáns-Cambados, 27 maio do 2012

Francisco Fernández Rei

Catedrático da Universidade de Santiago de Compostela

Vicesecretario da Real Academia Galega